



integrARTE

club de arte IESEBA

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA 24/25

Unha fotografía matemática é aquela cuxo contido está relacionado de forma clara e evidente, con algún aspecto das matemáticas: curvas, mosaicos, figuras xeométricas ou simétricas, numeracións, series, liñas, puntos, ángulos, fraccións... Na fotografía matemática debe existir intención por parte do autor/a de plasmar un concepto matemático. O título da imaxe será definitivo, xa que é onde quedará plasmada esa intención.

As imaxes poden obterse da Natureza (flores, follas, ...), da Arquitectura, da Escultura, do Deseño Gráfico, etc.

BASES:

1. Cada participante poderá presentar un máximo de dúas fotografías.
2. As fotografías deben ser orixinais e de autoría propia e non se aceptarán fotos descargadas de Internet, nin escaneadas de ningún tipo de medio gráfico. Non se aceptará tampouco ningún tipo de retoque fotográfico que cambie o contido da mesma.
3. As fotografías deben respectar as seguintes características de formato:
 - So se admiten arquivos en formato .jpg
 - Os tamaños ou relacións de aspecto aceptadas son 16:9, 4:3 e 1:1.
4. Non se admitirán fotografías nas que apareza o nome do autor ou autora, a data ou o título da mesma.
5. Valorase o contido matemático, a orixinalidade, a calidade plástica a técnica da imaxe, e o título da fotografía.
6. As fotografías presentadas ao concurso poderán empregarse para fins didácticos. O centro educativo poderá expoñelas no recinto escolar e publicalas na web do centro ou divulgalas en RRSS.
7. A participación no concurso implica a aceptación das bases e do fallo do xurado.

CATEGORÍAS

Categoría 1. Alumnado de 1º de ESO

Categoría 2. Alumnado de 2º e 3º de ESO

Categoría 3. Alumnado de 4º ESO e Bacharelato

Categoría 4. Profesorado e persoal non docente IES EDUARDO BLANCO AMOR

PRESENTACIÓN

1. As fotografías enviaranse cubrindo un formulario de Google.
2. No nome do arquivo debe figurar o nome do autor/a, tal e como se especifica no dito formulario.
3. No caso de participar con máis dunha fotografía, cubrirase un formulario para cada fotografía. Para facilitar o envío, na aula virtual "FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA" están os enlaces correspondentes a cada categoría. As fotografías que non se presenten en forma e prazo non participaran no concurso

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Ata o día 8 de xuño. As fotografías enviadas posteriormente non entrarán no concurso.

XURADO

O xurado estará formado por profesorado dos Departamentos participantes no Clube **IntegrARTE**.

PREMIOS

Obterá premio o gañador/a de cada unha das categorías. Os alumnos/as premiados recibiran xogos de lóxica matemática. O xurado pode estimar deixar deserta algunha das categorías no caso de que as fotografías participantes non teñan a calidade requirida.

Unha vez pechado o prazo de presentación, ofrecerase información máis detallada sobre os premios a través da aula virtual FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA